



**CASTELÁNS**

Texto: **Andrés Fuertes Palomera**  
Portada e fotos: **Santiago Vega López**  
Coordinación: **Juan Andión Marán**

Diocese de Tui-Vigo  
Delegación de Patrimonio  
Doctor Corbal, 90  
36207 Vigo  
[www.diocesetuivigo.org](http://www.diocesetuivigo.org)

Dep. Legal: VG 70-2013


Celebra esta parroquia por Patrón tutelar a S.<sup>o</sup> Estevo Proto-Mártir, a quen celebran a súa festa principal o 26 de Decembro, e outra por devoción o 3 de Agosto. Habitana 140 veciños, q.<sup>o</sup> corresponden polo contencioso no civil político e gubernativo á Xustiza de Covelo, e polo criminal á de Ponteareas. Valen os seus décimos 13.500 rr.<sup>s</sup>, que percibe insolidum o Arcebispo de Cerveira, coa obriga de por e dotar aquí ao Cura párroco, que non ten Casa Reitoral nin Igrexario; nin a fábrica da Igrexa percibe renda algunha. Paga á Mitra de Tui media libra de cera e 4 marabedís vellos. Esta Igrexa pertenceu antigamente ao Mosteiro de Melón, que no ano de 1516 permutouna p.<sup>o</sup> outras cousas co R.<sup>o</sup> Bispo de Tui. Despois foi agregada ao Arcebispo de Cerveira, como o está hoxe en día. Hai aquí unha ermida de construción moi antiga, e xa en moita parte arruinada, coa advocación de N.<sup>sa</sup> S.<sup>ta</sup> S.<sup>ta</sup> Maria de Casteláns, que noutro tempo foi Mosteiro de Monxas, e actualmente está agregada ao da Franqueira. Os terreos da circunferencia son todos eles do dominio directo deste último. Dista de Tui 5 leguas." (Ávila y La Cueva, 406).

"No ano seguinte, 1481, D.<sup>o</sup> Diego de Muros, Bispo de Tui, do Consello do Rei e Reina nosos Señores, e Oidor da súa Audiencia, q.<sup>o</sup> así se titula, uniu p.<sup>o</sup> sempre o Mosteiro das Monxas de S.<sup>ta</sup> Maria de Casteláns, q.<sup>o</sup> ao tempo se atopaba despoboado de relixiosas, ao de S.<sup>ta</sup> Maria da Franqueira, de Monxes Cistercienses. Data en Tui a 24 de Novembro de 1481, e foron testemuñas desta escritura entre outros D.<sup>o</sup> Santos de Cisneros, Vigairo do Bispo, e D.<sup>o</sup> Vasco de Marcoa Arcebispo de Montes, como se conserva no Arquivo do Mosteiro de Oia; a súa copia daremosla ao público adiante na historia dos Conventos". (T. IV p.85).

"O mesmo Bispo formou unha concordia co Abade de Melón, dando ao Mosteiro as Igrexas de Isuma e Casteláns, e recibindo o Coto de Cans (en Sta. Baía de Atios) e o Porríño. Data 8 de Xullo de 1516" (T. IV p.119).



**SANTO ESTEVO**



## Igrexa parroquial

As orixes desta parroquia están no Mosteiro de monxas beneditinas que aquí houbo (e do que trataremos despois), o mesmo que en Donas, Alveos e Tomiño.

No ano 1481 o bispo Diego de Muros mandou que este Mosteiro de monxas de Casteláns, que naquel intre non tiña relixiosas, se unise ao Mosteiro beneditino da Franqueira.

No ano 1515, o bispo Martín Zurbano anexiona a igrexa ao Mosteiro de Melón. Tamén lles concede a igrexa de Uma. A cambio recibe o Coto de Cans e O Porriño.

Poucos anos despois, esta parroquia únese ao Arcediado de Cerveira, coa condición de que corra a cargo do Arcediado o nomeamento dos que tiñan que rexentar a

parroquia establecida nesta igrexa.

O primeiro arcediado de Cerveira, que tivo ao seu cargo esta parroquia, foi D. García Prego de Montaos, da Casa dos Pereira. Finou en 1566. Anteriormente fora abade de Corzáns e fundou o convento de relixiosas de Redondela, onde está enterrado. Na súa casa chegou a reunir a participación en once curatos: Vilavella, Pazos, Amoedo, Gargamala, Toutón, Arnoso, Petelos, Corzáns, Casteláns, Reboreda e Estás.

Ata finais do século XVIII, cando a parroquia foi trasladada á igrexa actual, séguese nomeando rexente desta parroquia desde a Casa de Pereira.

No ano 1766 foi demolida a antiga ermida dedicada a Santa Ana, e sobre ela edifícase a nova igrexa, o que leva consigo un preito cos veciños.

Os libros parroquiais comezan todos eles no século XVII, sendo o máis antigo o de Visitas, do ano 1632, e os dos sacramentos de Bautismo e Matrimonios que, xunto co de Defuntos, son do ano 1658.

**A fachada principal** (035) presenta un paramento liso, con adornos unicamente no seu eixe central e nos esquinais, no nacemento da cornixa lateral que está adornada con placas composteláns.

O eixe central fórmase coa porta principal, rectangular, adornada con molduras de orelleiras na parte superior e con roleos na inferior.

Sobre ela hai unha fornela de arco de medio punto, pouco fonda, coa base voadada en forma de cuncha, sobre a que está a imaxe pétrea de Sto. Estevo, vestido de diácono, con manípulo e apoiando un libro contra o peito. A cabeza nótase que está partida no pescozo.

Mesmo enriba, ten un ventanuco rectangular con gran derrame externo. Remata en espadana de dous corpos sobre unha cornixa voadada. No inferior ten dous ocos, en arco de medio punto, zoupados coas respectivas campás e, no superior, un pequeno frontón triangular con oco central baleiro e pináculos externos, pechado en sopenas, o mesmo que o paramento principal, anque no seu lado norte apareza modificado, por terlle engadido un muro de peche para cubrir as escaleiras de acceso á espadana. Este muro rompe a simetría que presentaba na súa orixe o paramento oeste.

Nos extremos, sobre os apilastramentos que tamén se apoian nas placas composteláns, colócanse os pináculos de bulbo.

Os paramentos laterais teñen catro contrafortes e dúas fiestras cada un deles. No do norte, hai ademais unha sinxela porta lateral e o acceso á espadana; e no lado sur está o reloxo de sol. A porta deste lado está tapiada.

A capela maior é cadrada e máis estreita que a nave. Ten ventás ao norte e ao sur con gran derrame interior. O seu tellado é a catro augas, mentres o da nave a dúas. A sancristía está engadida no lado norte, con xanela ao leste e tellado a tres augas, con adorno de pináculos de prisma nos extremos. A súa bóveda é de cruzaría simple.


Os pináculos da capela maior son de bonete, e ten no centro unha cruz metálica co cataventos superior en forma de galo.

**No seu interior** (037) conserva o piso de pedra. Tamén os paramentos foron limpados dos morteiros e cales, mostrando unha pedra vasta, sen traballar, salvo nos arcos. A nave ten catro arcos, lixeiramente apuntados, correspondentes aos contrafortes. Apoian en sinxelas ménsulas na parede. Tamén son apuntados os ocos onde estiveron os altares laterais, próximos á capela maior.

A bóveda é de cemento e pintada en branco, o mesmo que as enxutas dos arcos.

A capela maior ten a bóveda lixeiramente apuntada, de pedra e boa cantería.

O retablo maior xunto ao altar, que ocupaba o paramento, derrubouse, o mesmo que a parede do frontal xunto ao arco triunfal. Isto aconteceu o 22 de marzo de 1973. Só se conserva del o Sagrario actual, apoiado no oco do mesmo, onde tamén se acolle un **Calvario** (038). A figura do Cristo non se corresponde coas da Virxe das Angustias e S. Xoán.





Os outros dous retablos e altares laterais foron retirados, debido ao seu mal estado, na reforma total que precisou a igrexa no ano 1986, (para a que se tivo que vender a finca do igrexario e a reitoral). Esta intervención é a que lle deu a súa actual configuración interior.

Na actualidade os lugares deses retablos ocúpanos as imaxes que deles formaban parte. Están colocadas sobre peañas de madeira.

No arco da dereita está, no centro, o **Patrón Santo Estevo** (036), acompañado por **San Brais** e **Santo Antonio de Padua** (039).

No arco do paramento sur ocupa o lugar central a **Virxe do Rosario**, enmarcada polos **seus pais, S. Xoaquín e Sta. Ana** (040), quen mostra un libro á Virxe Nena.

Baixo eles hai unha urna de cristal cun Cristo xacente.

Todas estas imaxes son de moi boa factura, en tallas de madeira dun tamaño considerable. Damos unha idea dos retablos que as acolleron.

Na parede, reconstruída xunto ao arco, hai unha **Táboa de Ánimas** (041) que puido pertencer a un dos retablos.

Unha imaxe de moita devoción popular, e que tivo tamén o seu pequeno retablo, é a da **Virxe da Luz** (042), que está no arco do paramento sur, preto da entrada. É unha imaxe de vestir, adornada con pelo natural, e que dispón de distintos mantos doados polos devotos.

Conserva a **pía bautismal** (043) do século XVIII, época na que se construíu a igrexa. Nela aínda se poden observar as



cores ocre, azul e vermello coas que se adornaba a magnífica labra para resaltar o seu valor, cando estaba situada no baptisterio á entrada da igrexa. Coa reforma colocouse xunto ao arco triunfal.

Unha das **ménsulas** (044), sobre a que apoia o coro actual, é románica. Presenta no seu fronte un adorno de serra, e nos laterais unha flor de seis follas inscrita nun círculo. Probablemente a súa procedencia sexa do antigo mosteiro.

Como xa dixemos, ata 1766 non se edifica esta nova igrexa, sendo o lugar de culto na parroquia a igrexa do mosteiro. Esta conservouse ata hai uns anos, cando o trazado dunha nova estrada considerouse o “suficientemente importante” como para desmontar e trasladar, en función de adorno, algunhas das partes deste monumento románico do século XII.

Na actualidade, no asentamento da igrexa, consérvase só a parte baixa da capela maior da cabeceira, coa súa planta pentagonal e o inicio dos muros laterais da nave.

No ano 1972 describía D. Angel del Castillo estas ruínas desta forma: “Queda en estado ruinoso el ábside, de planta pentagonal, y unido a un cuerpo del presbiterio. El arco triunfal apoyado en semicolumnas adosadas es semicircular peraltado. La bóveda del cuerpo del presbiterio es de cañón semicircular y la del pentágono que cierra el ábside de cascarón o cuarto de esfera sobre nervios procedentes de pequeñas columnas, contrarrestándose su empuje al exterior por medio de columnas adosadas. En los vanos del ábside, pequeñas ventanas de






arquivolta semicircular apoyadas en columnas por fuera y por dentro, lo que es poco corriente. Tiene también canecillos. Los arcos interiores de algunas ventanas son de herradura, naturalmente de influencia mozárabe". (*Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, A Coruña, 1972).

Tráese esta cita para que se vexa, despois de 40 anos, **o pouco que queda (045-046)** do que se describe aquí. Xa non existen nin as bóvedas, nin o arco triunfal, nin as fiestras nin os canzorros.

Algúns dos canzorros e das ventás foron levados a Pontevedra para colocalos na capela de S. Roque que se estaba a construír. Dos canzorros que alí hai é difícil distinguir os que son auténticos dos que os imitan e se aportaron posteriormente tratando de darlles similitude. As outras pezas son un conxunto de columnas, unidas catro a catro, cos seus capiteis e bases, para formar as tres xanelas da nave. As bases son de perfil ático, cos fustes monolíticos, e os capiteis de follas rematadas en bolas nas esquinas.

O arco triunfal, catro grandes capiteis e cinco ventás están no parque do Balneario de Mondariz.

**O arco triunfal (047)**, que está apoiado no chan, é de grandes dimensións. Ten 19 doelas no arco e 12 na chambrana. Está formado por un groso bocel na aresta e no fronte por unha media cana entre listeis. A media cana adórnase con






flores hexapétalas de gran botón central, en número de 50. A chambrana ten 4 filas de billetes.

Ao pé do arco están 4 grandes **capiteis** (048), que sen dúbida son os mesmos que facían de soporte do arco. Os que están situados no exterior son moi parecidos: o da esquerda representa 2 leóns e nas esquinas remata con pequenas volutas. Está bastante estropeado. No da dereita aparecen tamén dous grandes leóns e semella que dúas harpías. Dos que están no interior, un deles ten grandes follas moi salientes nas esquinas, e unha cara no centro de cada lado; o outro é moi similar, con caras laterais sobre pequenas volutas. Son unha mostra de que a construción da igrexa realizouse xa nunha época avanzada do románico e con gran perfección.

Colocáronse tamén aquí cinco dos **arcos das fiestras** (049); un deles xa foi mutilado.

Os tres centrais son moi parecidos entre si, o mesmo que os dous que están nos extremos.

Estes teñen pouca luz, cun arco inciso debuxando 5 doelas, peraltado, e con grosa chambrana de medio punto ao igual que o arco, e formada por dous grosos baquetóns. Repousa o arco en dous capiteis de follas con pequenas volutas, que non corresponden a este lugar. Teñen os fustes monolíticos, e facendo de bases están uns capiteis invertidos, que poderían ser os orixinais: un deles fórmase con vástagos entrelazados e o outro con vástagos rematados en volutas.





Dos tres arcos centrais que había, un deles só mantén en pé un fuste e a súa base. Os tres eran moi semellantes. Os arcos son monolíticos e lisos. Rematan nunha fermosa chambrana conformada por groso baquetón, unha media cana decorada con 13 bolas entre filetes, e unha faixa de billetes en 5 filas. As diferencias entre eles atopámolas nos fustes das columnas: uns son lisos e outros helicoidais, monolíticos todos; e nos capiteis, que teñen un ou dous ordes de follas: unhas rematan nas esquinas con bolas e outras en espirais.

As bases son de perfil ático: touro, escocia e touro, decorándose algunhas con sogeados.

A orixe do mosteiro non se coñece. Si hai noticias dalgunhas abadesas, por figurar en foros outorgados ao mosteiro.

### Capela da Nosa Señora da Escravitude (050)

É unha pequena capela, de forma rectangular, cunha superficie de 83 m<sup>2</sup>. Está no lugar de Lourido.

A súa construción é anterior o século XVIII. No informe previo á visita realizada á parroquia polo bispo Fernández Angulo, no ano 1780, faise unha descrición da mesma; e despois da visita, o bispo manda que se retire un crucifixo, que se pinte o retablo e que se faga o altar máis ancho; outras recomendacións refírense ás vestiduras sagradas.

A capela presenta unha nave rectangular e unha capela maior cadrada e máis alta.

A fachada oeste ten a porta principal moldurada e alintelada. Adórnase con pilastras laterais que terminan en pináculos de bola. Remata en sopenas que ascenden ata a espadana central sobre cornixa voada, con un só oco, adornada con volutas laterais e superiores. Remata en pequena cruz pétreo.

A nave só ten luces cara ao sur, cunha pequena fiestra con derrame externo e unha pequena porta lateral. A cada lado apóiase en contrafortes centrais. A súa cuberta é a dúas augas. O seu teito é de madeira.

A capela maior ten a cuberta a catro augas, con pináculos esquinais de bola e cruz central de remate. Presenta apilastramentos exteriores nas esquinais, e pequenas xanelas rectangulares ao norte e ao sur, con derrame dobre. No lado sur apréciase que estivo situada unha pequena sancristía, hoxe desaparecida, pero conserva os enlaces e as sopenas do tellado.

No interior ten unha bóveda de cruzaría, apoiada en ménsulas, e coa clave redonda adornada cunha flor de botón. A súa plementería fórmase con grandes lousas de perpiaño.

Contén cun pequeno **retablo barroco** (051), de tres rúas, con estípites e camarín central con bóveda de semiesfera, que acolle a imaxe da Virxe. Nas fornelas laterais están as imaxes de S. Bieito e S. Francisco. No ático ten outra fornela no centro coa imaxe de Santiago Peregrino. Remata nun espello cunha inscrición ilexible.

Todas estas imaxes, as de Sto. Antonio de Padua e a Virxe do Carme, son tallas de madeira de arte popular e do século XVIII.

No ano 2007 rematouse a restauración integral, tanto da capela como do retablo.



#### FESTAS E ROMAXES DE CASTELÁNS

- A Virxe da Luz: 25 de marzo
- Stmo. Cristo: domingo seguinte a Pentecoste
- Sto. Estevo: 26 de decembro
- N<sup>a</sup> S<sup>ra</sup>. da Escravitude (na capela de Lourido): Domingo seguinte ao Libramento na Lamosa